

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezoito de xaneiro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA**

**1. ACTAS.-** Aprobáronse as actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 7, 14, 21 e 28 e a extraordinaria do 30 de decembro de 2022.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acordouse aprobar as licenzas para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na avenida da Coruña, número 115 (Exp. 2022/Y001/000100); para legalización de reformas, modificación de instalacións en naves con licenzas anteriores números 98/91, 742/96, 417/90, 727/96, 8/92, 80/93, 431/93 e 525/03, e agrupación das parcelas 51-52-53-54, para a fabricación de comida preparada, na rúa da Agricultura, números 51, 52, 53 E 54 (Exp. 2022/Y001/000303) e para modificación da licenza urbanística con número de referencia 2020/Y001/000348, consistente en variacións interiores realizadas nas vivendas, e a instalación dun ascensor de emerxencia, na edificación sita na unidade de actuación CS-6, parcela 4.1, Bloque I (Exp. 2022/Y001/000097).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**3. PERSOAL.-** Acordouse desestimar os recursos de reposición interpostos polo Presidente da Xunta de Persoal, contra os Decretos números 10372/2022, 10387/2022, 10371/2022 e 10766/2022, ditados pola Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, polos que se procedeu, respectivamente, a adscribir a unha persoa ao Servizo de Facenda Local no posto de Técnico/a medio, código 65/141 da RPT; outra ao Servizo de Licenzas no posto de auxiliar administrativo/a, código 22/32/2 da RPT; outra ao Servizo de Benestar Social no posto de auxiliar

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac5808560663176043956.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-1-2023

administrativo, código 4101/32/4 da RPT e outra ao Servizo de Desenvolvemento Local no posto de Técnico/a Medio, código 67/141 da RPT.

**4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Aprobouse a adxudicación da contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo de autoescaleiras do Speis do Concello de Lugo. Exp. 2022/C003/000030.

Aprobouse a contratación de patrocinio publicitario entre unha empresa e o Concello de Lugo pola participación na proba automobilística 'Dakar 2023'; aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como o gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade. Exp. ref. 2022/C005/000027.

### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

**5. DEPORTES.-** Aprobouse a convalidación dos gastos relativos á factura tramitada con motivo da organización da fase final da copa do Rei xuvenil celebrada no estadio municipal Anxo Carro do 13 ao 16 de abril de 2022 e á factura pola realización do evento Pretorian Race-Lugo 2022, do 13 ao 15 de maio de 2022, nas inmediacións do río Miño.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**